

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.P.I. PLURILINGÜE “FONTE DÍAZ”

CURSO: 3º E.S.O.

MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA

DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA

DATA: 12 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 3º E.S.O.

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|--|--|
| PRIMEIRA AVALIACIÓN | |
| Coñecer o Humanismo e o Renacemento. | Define o concepto de Humanismo e Renacemento como movementos culturais. |
| | Razoa a importancia da teoría heliocéntrica na súa época. |
| Valorar a actuación dos monarcas españois Sabela de Castela e Fernando de Aragón, os Reis Católicos. | Valora o reinado dos Reis Católicos desde o punto de vista das reformas introducidas no goberno. |
| Analizar e valorar os proxectos europeos para chegar ás Indias e o descubrimento de América por Colón. | Explica en que consistía o proxecto de Colón. |
| Explicar as consecuencias da Reforma de Lutero, valorando a reacción da igrexa católica. | Identifica os principios básicos da reforma de Lutero. |
| | Analiza os principios dogmáticos aprobados en Trento como base da Contrarreforma católica. |
| Enumerar os principais acontecementos dos reinados de Carlos I e Filipe II, destacando a supremacía hispánica nesta época. | Analiza e comenta o papel do reino de Castela como centro da Monarquía hispánica. |
| Recoñecer a recuperación e adaptación das formas clásicas como elementos esenciais da arquitectura e a escultura renacentista. | Identifica elementos característicos da arquitectura renacentista en obras seleccionadas. |
| | Define as características xerais da escultura do Renacemento. |
| | Identifica elementos característicos da escultura renacentista en obras seleccionadas. |
| Recoñecer os principais obxectivos dos pintores renacentistas e as dificultades para alcanzalos. | Identifica elementos característicos da pintura renacentista en obras seleccionadas. |
| | Coñece as realizacións máis destacadas da arte renacentista en España. |
| Caracterizar a evolución da monarquía hispánica durante o século XVII. | Sintetiza as principais causas da decadencia hispana no século XVII. |
| | Valora a Paz de Westafalia no contexto de perda da hexemonía de España e |

| | |
|--|---|
| | do ascenso de Francia. |
| | Describe os inicios, bandos enfrontados e finalización da Guerra de Sucesión española. |
| Identificar os trazos característicos da estética da arte barroca na pintura, escultura, arquitectura e urbanismo. | Define e describe elementos característicos da estética barroca. |
| | Identifica elementos barrocos en obras seleccionadas. |
| | Analiza e compara unha escultura barroca e outra renacentista que traten o mesmo tema e marca as diferenzas. |
| | Analiza e compara unha pintura barroca e outra renacentista que traten o mesmo tema e marca as diferenzas |
| Coñecer as características propias do Barroco español e as obras dos principais artistas. | Identifica elementos barrocos en obras arquitectónicas españolas. |
| | Indica recursos empregados polos escultores barrocos españois para conseguir efectos dramáticos nas súas obras. |
| | Analiza e comenta unha obra seleccionada dun pintor barroco español relevante. |
| SEGUNDA AVALIAICÓN | |
| Valorar as actuacións dos monarcas españois en Galicia e a resposta dos dirixentes galegos. | Identifica as institucións que estableceron os Reis Católicos para controlar o reino de Galicia. |
| | Analiza e comenta un mapa coa división provincial de Galicia no século XVI. |
| Describir a singularidade de Galicia no conxunto da monarquía hispánica do século XVII | Define o concepto de fidalguía galega e analiza a orixe do seu poder e riqueza. |
| | Valora as consecuencias da introdución do millo sobre a poboación galega. |
| Coñecer e valorar as obras e artistas máis destacados da arte barroca en Galicia. | Identifica elementos característicos en imaxes de pazos galegos. |
| | Describe algunha obra barroca e valora a calidade dos artistas populares. |
| | |
| Definir as características xerais dos reximes democráticos e os elementos básicos do Estado de Dereito. | Identifica os elementos básicos dun sistema democrático. |
| | Diferencia os elementos dos Estados democráticos e os non democráticos. |
| Diferenciar as características e funcionamento dos estados unitarios, descentralizados e federais. | Caracteriza o Estado das autonomías e distingue cales son as institucións de autogoberno. |
| | Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades |

| | |
|---|---|
| | autónomas, capitais, provincias, illas. |
| | Describe as institucións que exercen, na propia comunidade autónoma, o poder executivo, legislativo e xudicial. |
| Identificar as fases de construción da U.E. e coñecer os seus obxectivos e actuacións máis destacadas. | Explica a formación da Unión Europea. |
| TERCEIRA AVALIACIÓN | |
| Analizar a distribución do tempo diario entre o traballo, o descanso e o ocio. | Explica as diferenzas entre os distintos períodos de distribución diaria do tempo. |
| | Analiza gráficas relacionadas co tempo dedicado ao traballo doméstico en España. |
| Diferenciar os conceptos de poboación activa e inactiva e as taxas de actividade, ocupación e paro. | Pon exemplos e comenta actividades pertencentes aos tres sectores económicos. |
| Analizar os dereitos laborais básicos na lexislación internacional e española. | A partir da Declaración universal de dereitos humanos, analiza e comenta os dereitos dos traballadores. |
| | Localiza na Constitución española actual dereitos e deberes relacionados co traballo. |
| | |
| Identificar as diferentes fases do proceso industrializador e sinalar os trazos que caracterizan as empresas multinacionais. | Diferencia os diversos sectores económicos europeos e indica as características fundamentais de cada un dos sectores. |
| | Describe tres materias primas de orixe vexetal, animal e mineral e indica a súa principal utilización. |
| Identificar a diversidade de materias primas e de fontes de enerxía e diferenciar os tipos de industrias. | Describe os principais aspectos da agricultura e da gandería |
| Identificar as novas formas de explotación agropecuaria e pesqueira e describir os trazos básicos da moderna industria alimentaria. | Caracteriza a actividade pesqueira e a explotación forestal. |
| | Coñece os recursos mineiros e as principais fontes de enerxía |

| | |
|---|---|
| Comprender as razóns do crecemento do sector servizos e valorar a terciarización da economía mundial. | Indica 10 profesións do sector servizos. |
| | Valora o turismo como fonte de ingresos e intercambio cultural. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|--|
| Avaliación | Procedementos: Durante o 3º trimestre avaliarase exclusivamente o traballo individual. |
| | Instrumentos: Os exames e demais actividades realizados durante os dous primeiros trimestres, e as actividades realizadas no caderno de clase ou dende a casa no terceiro. Para a avaliación das actividades non presenciais enviadas dende a casa no 3º trimestre terase en conta: <ul style="list-style-type: none"> - A entrega puntual das tarefas propostas. - A claridade na expresión escrita. - A capacidade de interpretación, naquelas preguntas que o requiran. - Os coñecementos demostrados. |
| Cualificación final | Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso. Para a obtención da cualificación final atenderemos a tres supostos: <ol style="list-style-type: none"> a) Alumnxs que aprobaran a 1ª e 2ª avaliación. A nota final será a media de ambas. Esta nota poderá incrementarse ata 1,5 puntos coas tarefas e traballos a realizar dende a casa no 3º trimestre. En todo caso a nota final nunca será inferior a media das dúas primeiras avaliacións. b) Alumnxs con unha sola avaliación suspensa. Deberán realizar as actividades propostas para recuperar esta avaliación. Estas serán cualificadas con un máximo de 5 puntos, e esta nota fará media coa da avaliación que tivese aprobada. c) Alumnxs coas dúas avaliacións suspensas. Deberán realizar actividades de recuperación das mesmas durante o 3º trimestre. Estas serán cualificadas con nota ata un máximo de 5 puntos. O alumnado con avaliacións suspensas tamén poderá realizar as actividades do 3º trimestre propostas para o resto do alumnado, podendo incrementar así a nota final ata 1,5 puntos, sempre e cando a media das avaliacións que teña que recuperar sexa de 5 ou máis. Cando a nota media resultante conteña fraccións superiores ao medio punto, a nota definitiva será a do tramo inmediatamente superior (por exemplo, 5,7 = 6). A mesma norma rexerá cando a fracción sexa medio punto xusto. |
| Proba extraordinaria de setembro | Para o alumnado que non supere a materia en xuño haberá un exame na convocatoria extraordinaria de setembro, sempre e cando as autoridades non dispoñan outra cousa. Neste exame entrará exclusivamente a materia realmente impartida ata o día de suspensión das clases o 13 de marzo. |
| Alumnado de materia | Criterios de avaliación. Para o alumnado coa materia pendente do curso anterior avaliaranse as competencias imprescindibles referidas á expresión coherente dunha mensaxe escrita, a interpretación correcta de |

| | |
|-----------------|--|
| pendente | acontecementos históricos relevantes no tempo e no espazo, e a localización de feitos xeográficos relevantes. |
| | <p>Criterios de cualificación. Atenderemos a dous supostos:</p> <p>a) Alumnxs que aprobaron a proba do 1º trimestre e entregaron as actividades correspondentes: deberán entregar as actividades do 2º trimestre e realizar as que se propoñan para o 3º. Estas actividades, se son cualificadas positivamente, obterán unha nota de 5, a cal fará media coa nota da primeira proba.</p> <p>b) Alumnxs que non aprobaron a proba do 1º trimestre: Deberán realizar actividades para recuperar toda a materia. Para a cualificación final seguiranse os mesmos criterios expostos máis arriba nos supostos b) e c).</p> |
| | <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Procedementos: Durante o 3º trimestre avaliarase exclusivamente o traballo individual.</p> <p>Instrumentos: O exame e as actividades entregadas durante o primeiro trimestre, e as actividades realizadas no caderno de clase ou dende a casa no terceiro.</p> <p>Para a avaliación das actividades non presenciais enviadas dende a casa no 3º trimestre terase en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A entrega puntual das tarefas propostas. - A claridade na expresión escrita. - A capacidade de interpretación, naquelas preguntas que o requiran. - Os coñecementos demostrados. |

| 1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|--|--|
| Actividades | As actividades, tarefas e traballos que se realizarán durante o 3º trimestre serán de repaso, reforzo, recuperación e ampliación e todas contarán para a cualificación final. |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | Tendo en conta que todo o traballo se debe realizar a distancia e que non todo o alumnado conta coas mesmas facilidades de conexión, optamos por empregar de xeito preferente o correo electrónico como canle principal de comunicación para o envío de tarefas, as cales tamén se poderán seguir a través da aula virtual. Estas tarefas serán propostas semanalmente e realizaranse preferentemente no caderno de clase, e o alumnado enviará tamén cada semana o resultado do seu traballo. Ao remate de cada tema realizarase unha actividade final do mesmo que deberá ser remitida ao profesor no prazo máximo de 24h. |
| Materiais e recursos | Seguiranse os libros de texto dos diferentes cursos como material principal; o caderno de clase; e mapas, eixos cronolóxicos e recursos de internet. |

| 1. Información e publicidade | |
|--|--|
| Información ao alumnado e ás familias | O procedemento para informar ao alumnado e ás familias será a páxina web do centro, o correo electrónico e abalar móbil. Cando estes medios non sexan posibles recurrirase á vía telefónica. |
| Publicidade | Estas normas e criterios serán publicados na páxina web do centro. |